



Bases do proceso selectivo para a participación no programa de intercambio EduMob curso 2023-2024.

Curso académico	2023-2024	Persoal	ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO
PROCESO SELECTIVO PARA OS INTERCAMBIOS DO PROGRAMA EDMOB			
Órgano convocante	Comisión de Movilidades do Programa EduMob do IES Félix Muriel		
BASES PARA A PARTICIPACIÓN no programa EduMob publicadas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación na Resolución do 13 de novembro de 2023			
<p>O alumnado de 1º de Bacharelato que curse a asignatura de lingua Francesa e que durante a ESO cursara dita asignatura terá a oportunidade de participar no programa EduMob. Este alumnado será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases da convocatoria como no desenvolvemento da selección das candidaturas. Para este proceso convócanse un máximo de 6 intercambios por un período de 4 semanas.</p> <p>O alumnado deberá presentar a solicitude de participación (anexo I da convocatoria) e o resto de anexos solicitados na convocatoria a través do email: ies.felix.muriel@edu.xunta.gal indicando no asunto "Programa EduMob" antes das 14 horas do 27 de novembro de 2023. Ademais, indicarlle o seu interese á profesora referente do departamento de francés (Elisa Calvo Vigo).</p> <p>O proceso selectivo consistirá na valoración dos seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Expediente académico da ESO (30%) 2. Coñecemento de francés durante a ESO (35%) 3. Solvencia académica (25%) 4. Participación na vida do centro (15%) 			
1.- EXPEDIENTE ACADÉMICO (ata 3 puntos)			
<p>Valorase ata un máximo de 3 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas en 4º da ESO.</p> <ul style="list-style-type: none"> - De 5 a 5,99: 0 puntos. - De 6 a 6,99: 1 puntos. - De 7 a 8,99: 2 puntos. - De 9 a 10: 3 puntos. 			
2.- COÑECEMENTO DE FRANCÉS (ata 3,5 puntos)			
<ul style="list-style-type: none"> - Nota en 4º da ESO de francés - Menos de 5: 0 puntos - De 5 a 6,5: 1,5 punto - De 6,5 a 7,5: 2,5 puntos - De 7,5 a 9: 3 puntos - De 9 a 10: 3,5 puntos 			
3.- SOLVENCIA ACADÉMICA (ata 2,5 puntos)			
<ul style="list-style-type: none"> - Valoraranse as habilidades persoais e sociais e a iniciativa da persoa candidata. - Valorase o interese amosado en participar no Programa - Valorase a carta de motivación das persoas candidatas - Valorase a opinión da persoa titora. - Terase moi presente a opinión da docente da asignatura de francés que coñece o comportamento do alumnado na aula e a sultura á hora de comunicarse nunha lingua estranxeira. 			
4.- PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO (ata 1 punto)			
A persoa candidata deberá indicar no email enviado os grupos nos que participa no IES Félix Muriel (ex: clube de lectura, grupo de igualdade, voluntariado de biblioteca,...).			
PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES			
P.O.			
Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández			
Data	En Rianxo a 20 de novembro de 2023		